



MINA ROMANA DAS BORREAS

Caldesiños
Viana do Bolo

A extraordinaria riqueza mineira do Noroeste da península Ibérica foi un dos principais motivos da súa conquista por parte de Roma. Así se explica a expedición que protagonizou Décimo Xunio Bruto, alcumado O Galaico, no ano 137 a.C. A minería imperial (metalla publica) **en particular a dedicada á extracción de ouro, foi a principal actividade económica dos romanos en Gallaecia (Galicia) e Asturia (Asturias).**

Construtores e mineiros

Augusto, o primeiro emperador romano (27 a. C.-14 d. C), promove o abandono dos castros prerromanos e o asentamento da poboación indíxena nos vales.

As minas de ouro romanas non foron traballadas maioritariamente por escravos, senón pola poboación indíxena local que pagaba o seu tributo a Roma en forma de traballo nas minas.

Baixorrelevo romano que representa un grupo de mineiros
Descuberto cerca de Linares (Jaén) en 1875



Con todo, tamén existiu o traballo servil escravo, así como a de condenados a traballos forzados (damnati ad metalla), pero o maioritario serían os individuos libres de procedencia indíxena.

Como chegar



Espazo que ocupaba a explotación mineira

Os miradoiros da Mina Romana das Borreas contan con soportes interpretativos accesibles en tres idiomas elaborados por arqueólogos


RUINA MONTIUM

ASÍ FUNCIONABAN

Ruina Montium é a técnica de minería que combina a construción de pozos e galerías subterráneas co uso de auga para derrubar grandes masas de terreo aurífero. A utilización da forza hidráulica permitiu reducir as necesidades de man de obra, favorecendo o movemento de grandes cantidades de terra a un nivel que non foi superado ata o século XIX.

O traballo

O proceso consistiría en dirixir a auga desde as fronteiras da explotación de maneira que, a través duns leitos realizados manualmente, fose arrastrando os cantos e as arxilas. A acción do pico dos mineiros, que se situarían ben ao lado da corrente ou ben dentro dela, farían o resto.



As ferramentas



Pico de ferro atópado no castro de Castromao

Museo Arqueolóxico de Ourense



Carreta


Lucerna para iluminar dentro das galerías, no proceso de construción da mina



Canle de madeira


Para reter o po de ouro utilizábase o breixo ou urceira nunha canle por onde discorría a auga cos minerais. Plinio conta que "o úlex, despois de seco, quéimase e a súa cinsa lávase poñendo debaixo unha cama de herba para que alí se sente o ouro".

Ao ter unha densidade máis alta, o ouro depositábase no fondo da canle, onde quedaba retido polas follas de breixo



Agogae

Son as fosas de gradas realizadas na zona chan da mina ás que vai parar a auga procedente da cabeceira da explotación. Antes de que o lodo arrastrado pola auga entrase nas ágogae quitábanse os cantos rodados máis grosos, que os mineiros depositaban en moreas aliñadas aos lados das canles, en zonas que xa foran explotadas. Esas pilas de cantos reciben o nome de "murias".



Breixo ou urceira

Miradoiro Sur

Miradoiro Norte